



INSTRUCCIÓN PARA A TRAMITACIÓN DAS SITUACIONES DERIVADAS DA INCAPACIDADE TEMPORAL (IT) DO PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

1.- Incapacidade temporal.

Para os efectos destas instrucciones, enténdese por IT a situación que vén definida na normativa reguladora dos distintos réximes de Seguridade Social. A dita normativa require que exista unha enfermidade ou accidente que impidan a asistencia ao traballo e mais unha asistencia sanitaria, o que á súa vez implica un parte médico de baixa.

De acordo co previsto no artigo 504.5 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, os funcionarios deberán solicitar da autoridade competente a correspondente licenza por enfermidade.

2.- Comunicación da ausencia do posto de traballo por incapacidade temporal.

- Deberase comunicar ao responsable do centro de destino (secretario/a xudicial, fiscal xefe/a, director/a ou subdirector/a do Imelga) a imposibilidade de asistencia ao traballo por razón de enfermidade durante a xornada laboral na que esta se produza.
- Nesa mesma xornada, comunicarase ao servizo de Xustiza da xefatura territorial correspondente a imposibilidade de asistencia ao traballo por razón de enfermidade.
- No prazo máis breve posible, e sen prexuízo dos prazos previstos no punto seguinte, adiantarse ao servizo de Xustiza da xefatura territorial correspondente, vía fax ou escaneado por correo electrónico, o parte médico de baixa e, no caso de que se trate dun dos supostos de aplicación do complemento ata o 100% das retribucións, remitirase ademais, os documentos xustificativos previstos no punto 6 destas instruccions.

3.- Xustificación, prazo e lugar de presentación.

Xustificación.- Entregarase no servizo de Xustiza da xefatura territorial correspondente o parte médico de baixa debidamente cuberto, parte que poderá ser rexeditado en caso contrario. A omisión de todos ou parte dos datos suporá a denegación automática da licenza.

Así mesmo, e no caso de que a causa da baixa estea dentro dos supostos previstos nos artigos 3 e 5 do Decreto 169/2013, do 14 de novembro, deberá presentarse a documentación xustificativa prevista no punto 6 destas instruccions para a aplicación do complemento ata o 100% das retribucións.

Prazo.- Sen prexuízo de que no prazo máis breve posible se adiante o parte médico de baixa vía fax ou escaneado por correo electrónico, os prazos de presentación son os que seguen:

- As persoas adscritas ao réxime xeral da Seguridade Social presentarán o parte médico de baixa dentro do prazo de 3 días contados a partir da data de expedición do parte. Os partes de confirmación presentaranse no mesmo prazo.
- As persoas adscritas ao réxime especial do Mutualismo Xudicial (Muxexu) presentarán o parte médico de baixa non máis tarde do cuarto día hábil dende a data de expedición do parte. Os partes de confirmación presentaranse no mesmo prazo.

Lugar de presentación.-

Servizo de Xustiza	Enderezo	Fax	Teléfono	Enderezo electrónico
A Coruña	Rúa Vicente Ferrer, 2 15008 A Coruña	981184450	981184472	servizo.xustiza.coruna@xunta.es
Lugo	Ronda Muralla, 70 27071 Lugo	982294295	982294303	persoal.presidencia.lugo@xunta.es
Ourense	Paseo da Habana, 79 32004 Ourense	988386539	988386790	sxsal.xustiza.ourense@xunta.es
Pontevedra (Vigo)	Rúa Concepción Arenal, 8 36201 Vigo	986817001	986817006	servizoxustiza.vi@xunta.es

4.- Parte de alta.

A alta médica deberá comunicarse ao servizo de Xustiza correspondente a través da Oficina Virtual do Persoal da Administración de Xustiza (OPAX) de forma inmediata. Pola súa banda, o parte de alta médica deberá ser presentado no prazo de 24 horas dende a súa expedición ou no primeiro día laborable posterior á data da alta, prazo no que tamén a persoa empregada deberá incorporarse ao seu posto de traballo.

5.- Tramitación da licenza por enfermedade.

A licenza inicial concederase dende a data do parte de baixa e polo tempo que o facultativo considere previsible para a curación, e en ningún caso será superior a 15 días. Se o estado da enfermidade persiste, as prorrogas da licenza inicial serán dun prazo máximo de 1 mes.

A persoa titular da xefatura territorial correspondente concederá, se fose o caso, a licenza inicial, e de ser o caso as sucesivas prorrogas, ata un período máximo de 18 meses. Vencido o dito período, e ata o mes 30, se fose o caso, será a persoa titular da Dirección Xeral de Xustiza o órgano competente para a súa concesión.

A concesión da licenza e as súas prorrogas seránllas comunicadas polo órgano de persoal correspondente (xefatura territorial ou Dirección Xeral de Xustiza) ao centro de destino e mais á persoa interesada.

A revisión da situación de incapazade do/a traballador/a por parte do órgano asesor previsto no artigo 505.2 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que o/a declare APTO/A para o traballo implicará a revogación da licenza por enfermedade. Así mesmo, a resolución expresa neste sentido do órgano competente para a avaliación da incapazade para os efectos da xubilación por incapazade permanente será equivalente á alta médica e, polo tanto, implicará a extinción da licenza por enfermedade. En ambos os casos será obrigatoria a reincorporación da persoa empregada ao seu posto de traballo ao día seguinte da recepción da comunicación, sen prexuízo dos recursos que se poidan interpoñer.



6.- Supostos nos que na ausencia do posto de traballo se percibe o 100% das retribucións, e xustificación que se debe presentar canda o parte médico.

CAUSA DA INCAPACIDADE TEMPORAL	XUSTIFICACIÓN
Accidente laboral ou enfermidade profesional.	A situación de incapacidade temporal por accidente laboral ou enfermidade profesional acreditarase mediante o parte médico de baixa (os funcionarios adscritos ao réxime xeral da Seguridade Social deberán acudir á Mutua Galega co talón de asistencia médica ; os de Muxexu deberán remitir o talón ao servizo de Xustiza da xefatura territorial correspondente).
Hospitalización e intervención cirúrxica. Tanto se produce ao principio coma con posterioridade ao inicio da incapacidade, e sempre que correspondan ao mesmo proceso patolóxico. (Inclúese a hospitalización a domicilio, a estancia en hospitais de día e os períodos de observación nos servizos de urxencias hospitalarias superiores a 7 horas.)	Xustificador de hospitalización emitido polo centro hospitalario, ou certificado médico que acredite a práctica dunha intervención cirúrxica ou dunha intervención médica invasiva incluída na carteira de servizos do sistema sanitario público. Se a hospitalización ou intervención cirúrxica se produce unha vez iniciada a incapacidade temporal e ten a mesma causa que a motivou, o xustificador presentarase co primeiro parte de confirmación, co que se regularizará o aboamento do complemento ata o 100% dende o primeiro día da baixa.
Supostos de IT derivados de tratamentos oncológicos.	Xustificador médico.
Situacións de IT que teñan inicio durante os procesos de xestación ou de lactación, aínda que non dean lugar a unha situación de risco durante o embarazo ou durante a lactación.	Xustificador médico que acredite as ditas situacións.
Situacións de IT derivadas de enfermidades que fosen causa da concesión de discapacidade con grao igual ou superior ao 33%.	Xustificador médico que acredite a relación entre a enfermidade e a situación de discapacidade.
Situacións de IT derivadas das enfermidades graves previstas no <u>Real decreto 1148/2011, do 29 de xullo.</u>	Xustificador médico que acredite que a incapacidade temporal se debe a unha das enfermidades recoildidas no real decreto.
Situacións de IT motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada da violencia de xénero.	Servirá como xustificación calquera das previstas no artigo 5 da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo: a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar. b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta mesma lei. c) Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local. d) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local. e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia. f) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social. g) Calquera outra que se estableza regulamentariamente.
Situacións de IT por risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural	Xustificador médico que acredite a situación de risco. Funcionarios de Muxexu.- Informe do Servizo de Prevención de Riscos de avaliacián do posto de traballo, que presentarán na Mutualidade. Funcionarios adscritos á Seguridade Social.- Deberán acudir directamente á Mutua.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Xustiza

Praza de Europa, 5 A – 4º
Polígono de Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

7.- Solicitud do complemento ata o 100% das retribucións a partir do día 180 de IT.

Cando a duración da incapacidade temporal supere os 180 días, o persoal suxeito ao réxime da Muxexu pasará a percibir o subsidio establecido no apartado 1.B) do artigo 20 do Real decreto lexislativo 3/2000, do 20 de xuño. Para o caso de que o persoal suxeito ao dito réxime perciba unha cantidade inferior na situación de IT cá que percibe o persoal suxeito ao réxime xeral, deberá presentar ante a respectiva habilitación, xunto coa certificación da Muxexu onde consten as cantidades percibidas, a solicitude habilitada na OPAX para os efectos do aboamento do complemento que, se fose o caso, corresponda.

8.- Tratamento das recaídas.

A recaída será unha continuación da incapacidade temporal da que procede.

A persoa empregada terá dereito a continuar coa porcentaxe do complemento que tivese no momento da alta previa á incapacidade temporal da que deriva a recaída.

9.- Xustificación de ausencias sen parte de baixa.

- A persoa empregada deberalle comunicar ao responsable do centro de destino (secretario/a xudicial, fiscal xefe/a, director/a ou subdirector/a do Imelga) a imposibilidade de asistencia ao traballo por razón de enfermidade durante a xornada laboral na que esta se produza.
- As ausencias por enfermidade ou accidente que non dean lugar a parte de baixa deberán ser igualmente xustificadas. A xustificación presentárselle ao responsable do centro de destino e será rexistrada na OPAX mediante a correspondente incidencia, que será visada polo superior xerárquico e que o servizo de persoal de Xustiza deberá validar para os efectos de control de cumprimento da xornada de traballo.

10.- Protección de datos.

As persoas que interveñan nas distintas fases do procedemento están obrigadas ao segredo profesional respecto dos datos que coñezan e teñen o deber de gardalo, observando en todo caso as disposicións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2013

O director xeral de Xustiza

Juan José Martín Álvarez

